

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL DE MODIFICACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA BOLSA ERASMUS+ KA131 PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NO CURSO 2025-2026, AO ABEIRO DA CONVOCATORIA ERASMUS+ PRÁCTICAS PUBLICADA POR RESOLUCIÓN REITORAL DE 20 DE MAIO DE 2025

Publicada por resolución reitoral de 15 de xullo a concesión dunha bolsa Erasmus+ ka131 para a realización de prácticas a **Carlos Espada Pazos**, o estudante comunicou unha modificación na súa solicitude que afecta ao tipo de prácticas que vai realizar.

Revisada a solicitude por parte da comisión de selección, comprobouse que a documentación presentada é correcta conforme ao punto 8.2 das bases da convocatoria e que a persoa solicitante cumpre cos requisitos establecidos no artigo 2, polo que esta reitoría

RESOLVE:

Modificar a concesión da bolsa Erasmus+ ka131 para a realización de prácticas a Carlos Espada Pazos dni *****562*****, nos seguintes termos:

Centro de orixe: Facultade de Comercio

Titulación: Grao en Comercio

Destino: Spanish Language Institute

País: República Checa

Tipo de Prácticas: **Training (Prácticas extracurriculares)**

Duración da estada: **150 días (01/09/2025 - 31/01/2026)**

Importe da bolsa máximo: **2.645€**

A persoa beneficiaria deberá cumprir coas obrigas establecidas no punto 11 das bases da convocatoria.

O incumprimento de calquera destas obrigas por causas non xustificadas poderá supor a perda do dereito á bolsa, así como a exclusión en futuros procesos de selección en calquera programa de mobilidade internacional no que participe a Universidade de Vigo ou promovido por esta.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, a persoa interesada poderá optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación desta resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

O reitor
Por delegación R.R. 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño

